COMPOSTAXE DOMÉSTICA, CLAVE PARA A REDUCIÓN DO LIXO EN AGOLADA

O Concello de Agolada ofrece composteiros e apoio técnico gratuíto para que a veciñanza con terreo poida transformar os seus residuos orgánicos nun recurso útil

En Agolada, a 3 de outubro de 2025.

A metade do lixo que se xera nos fogares está composto por materia orgánica. A súa correcta xestión resulta decisiva tanto para protexer o medio ambiente como para reducir os custos asociados ao tratamento dos residuos.

Co obxectivo de avanzar cara a un modelo máis sostible, o Concello pon en marcha unha campaña de compostaxe doméstica dirixida ás persoas que dispoñan dun pequeno terreo. A iniciativa inclúe a entrega gratuíta de composteiros e formación práctica, así como un servizo de asesoramento e seguimento durante todo o ano 2025.

Para participar activamente e reservar o material da campaña, habilitouse a web **agolada.ocaminosostible.gal**, onde tamén se pode consultar información sobre os servizos municipais de xestión de residuos. Ademais, a inscrición pode realizarse presencialmente no Concello ou a través do teléfono 647 521 464.

As datas clave da campaña anunciaranse nas redes sociais municipais. As persoas rexistradas recibirán tamén unha chamada telefónica para confirmar a súa participación nas xornadas de formación e entrega de material.

Esta actuación conta co financiamento da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, a través dos fondos europeos NextGenerationEU.



Ilustración 1. Composteiro montado